# Un Iraq sen futuro

## Description

Sempre foi cousa sabida que os invasores non só se propuxeron destruír o país, senón que nos seus plans estaba tamén deixalo capado para moito tempo. Sempre se soubo que a eliminación da súa intelectualidade foi ben programada, con moita eficacia, polos invasores.

Sempre foi cousa sabida que os invasores non só se propuxeron destruír o país, senón que nos seus plans estaba tamén deixalo capado para moito tempo. Sempre se soubo que a eliminación da súa intelectualidade foi ben programada, con moita eficacia, polos invasores.

Hoxe coñecemos, grazas ao Tribunal Brussells, e outros, as listas de intelectuais iraquís asasinados, dos ameazados e secuestrados e dos que tiveron que padecer diversas humillacións dos invasores. A lista dos primeiros, ao 30 de agosto último, é de 448 científicos desaparecidos e dos que nunca máis se soubo. Os segundos chegan a 79 e os terceiros a 120.

Non hai país no mundo que se poida soerguer dunha demouca tal. A brutalidade dos invasores non foi só co pobo do Iraq: con frialdade no seu cálculo, o invasor soubo dende o primeiro momento que a mellor maneira de destruír o país, para apropiarse del e dos seus recursos, era facer rodar as súas cabezas mellores. Como se ve, fíxoo con grande eficacia.

Aínda hai que engadir os fuxidos de tan bárbara represión: pénsase que nunca máis van volver ao seu país. Sen esquecer, como escribiu William Blum, que "máis da metade da poboación ou ben morreu ou está ferida, traumatizada, no cárcere, desprazada no interior ou exiliada no estranxeiro… O aire, a terra, a auga, o sangue e os xenes están contaminados con uranio empobrecido… padecen as máis espantosas eivas de nacemento… no chan hai bombas sen explotar, á espera de que os nenos as collan".
Se o presente do Iraq mesmo dá arrepío, o seu porvir non pode máis tétrico.

**APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS**

Oriente Medio

**IDIOMA**

Galego

**Date Created**
Setembro 29, 2010
**Meta Fields**
**Datapublicacion :** 2010-09-30 00:00:00